



# O INGRESO MÍNIMO VITAL EN GALICIA

Secretaría de Empleo, Política Social e Políticas Públicas de Protección  
Sindicato Nacional de CCOO de Galicia



## ÍNDICE

Os datos en xaneiro de 2024.....	3
Consideracións.....	5
Anexo: Recordando a normativa.....	7



# OS DATOS EN XANEIRO DE 2024

## EN GALICIA ABOÁRONSE NO MES DE XANEIRO 25 028 PRESTACIÓNS DE INGRESO MÍNIMO VITAL

Segundo os últimos datos facilitados polo Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, na nómina do mes de xaneiro aboáronse en Galicia 25 028 prestacións que beneficiaban a 66 402 persoas. Estamos a falar de que en cada fogar perceptor hai, de termo medio, 2,65 persoas.

A contía media por fogar sitúase en 502,00 euros. A media máis alta dáse en Ourense con 525,06 euros.

Das 25 028 prestacións aboadas en xaneiro, 15 352 teñen complemento de axuda para a infancia.

**CADRO 1.-PRINCIPAIS DATOS**

	NÚMERO DE PRESTACIÓNS	Nº TOTAL DE BENEFICIARIAS	RATEO DE BENEFICIARIAS POR PRESTACIÓN	CONTÍA MEDIA MENSUAL POR FOGAR
A CORUÑA	11.014	27.397	2,49	523,36 €
LUGO	3.101	8.640	2,79	519,08 €
OURENSE	3.273	8.743	2,67	525,06 €
PONTEVEDRA	7.640	21.622	2,83	454,41 €
TOTAL	25.028	66.402	2,65	502,00 €

No cadro 1 podemos ver a distribución dos principais datos nas catro provincias galegas e comprobar que nas de Pontevedra e A Coruña se concentran o 74 % das prestacións aboadas.

## O 70 % DAS PERSOAS TITULARES QUE PERCIBEN O INGRESO MÍNIMO VITAL EN GALICIA SON MULLERES

Como adoita acontecer nas prestacións de carácter asistencial, o número de mulleres perceptoras do ingreso mínimo vital (IMV) é superior ao de homes: 17 576 mulleres fronte a 7452 homes.

**CADRO 2.- SEXO DAS PERSOAS TITULARES**

	Nº TITULARES	SEXO TITULARES	
		MULLERES	HOMES
A CORUÑA	11.014	7.561	3.453
LUGO	3.101	2.168	933
OURENSE	3.273	2.285	988
PONTEVEDRA	7.640	5.562	2.078
TOTAL	25.028	17.576	7.452

Este patrón reproducése en toda Galicia, aínda que con maior intensidade na provincia de Pontevedra.

## O MAIOR NÚMERO DE PERSOAS TITULARES DE IMV EN GALICIA FORMAN PARTE DUN FOGAR SEN MENORES

O 38,5 % das persoas titulares dunha prestación de IMV conviven nun fogar no que non hai menores de idade.

A distribución das 25 028 prestacións aboadas en xaneiro segundo o tipo de fogar reflicte que o maior número de persoas titulares conforman un fogar dun adulto sen menores (6942 prestacións; un 27,7 %), dous adultos e dous menores (3511 prestacións; un 14,0 %), un adulto e un menor (3469 fogares; un 13,9 %) e dous adultos e un menor (3270 prestacións; un 13,1 %).

**CADRO 3.- PRESTACIÓNS POR TIPO DE FOGAR**

TIPO DE FOGAR	PRESTACIÓNS	%
1 ADULTO	6.942	27,7%
1 ADULTO E 1 MENOR	3.469	13,9%
1 ADULTO E 2 MENORES	1.509	6,0%
1 ADULTO E 3 MENORES	281	1,1%
1 ADULTO E MÁIS DE 4 MENORES	44	0,2%
2 ADULTOS	1.948	7,8%
2 ADULTOS E 1 MENOR	3.270	13,1%
2 ADULTO E 2 MENORES	3.511	14,0%
2 ADULTO E MÁIS DE 2 MENORES	1.419	5,7%
3 ADULTOS	600	2,4%
3 ADULTOS E 1 MENOR	862	3,4%
3 ADULTOS E MÁIS DE 1 MENOR	619	2,5%
4 ADULTOS	159	0,6%
4 ADULTOS E 1 MENOR	193	0,8%
OUTROS	202	0,8%
	25.028	

## O PERFIL DA PERSOA BENEFICIARIA DO IMV EN GALICIA É O DUNHA MULLER ADULTA

O maior volume de persoas beneficiarias concéntrase, como ocorría coas titulares, entre as mulleres: 6 de cada 10 persoas beneficiarias son do xénero feminino.

Se atendemos á idade, comprobamos que é entre as persoas adultas onde se concentra o maior número de beneficiarias dunha prestación de IMV en Galicia.

**CADRO 4.- SEXO E IDADE DAS PERSOAS BENEFICIARIAS**

	NÚMERO BENEFICIARIAS	SEXO BENEFICIARIAS		IDADE BENEFICIARIAS	
		MULLERES	HOMES	ADULTAS	MENORES
A CORUÑA	27.397	15.060	12.335	17.447	9.950
LUGO	8.640	4.727	3.913	5.085	3.555
OURENSE	8.743	4.743	4.000	5.433	3.310
PONTEVEDRA	21.622	11.889	9.733	13.131	8.491
TOTAL	66.402	36.419	29.981	41.096	25.306

## DESDE A SÚA APROBACIÓN NO ANO 2020, BENEFICIÁRONSE DO IMV 94 737 PERSOAS EN GALICIA

Segundo os últimos datos de altas iniciais de prestacións que figuraron en nómina do IMV de xuño de 2020 a xaneiro de 2024, en Galicia aboáronse 35 835 prestacións que beneficiaban a 94 737 persoas.

Desde 2020 aboáronse 20 326 prestacións con complemento de axuda para a infancia.

**CADRO 5.-DATOS ACUMULADOS DE XUÑO DE 2020 A XANEIRO DE 2024**

	NÚMERO TITULARES	SEXO TITULARES		NÚMERO BENEFICIARIAS	SEXO BENEFICIARIAS		IDADE BENEFICIARIAS	
		MULLERES	MULLERES		MULLERES	HOMES	ADULTAS	MENORES
A CORUÑA	15.525	10.728	4.797	38.526	21.359	17.163	23.633	14.893
LUGO	4.554	3.180	1.374	12.747	7.055	5.691	7.179	5.568
OURENSE	4.585	3.185	1.400	12.219	6.675	5.542	7.261	4.958
PONTEVEDRA	11.171	8.176	2.995	31.245	17.464	13.778	18.187	13.058
TOTAL	35.835	25.269	10.566	94.737	52.553	42.174	56.260	38.477

As provincias de Pontevedra e A Coruña concentran, en idéntica porcentaxe que nos datos mensuais, o 74 % das prestacións aboadas. Sete de cada dez prestacións teñen por titular unha muller: 25 269 mulleres por 10 566 homes.

Loxicamente, a distribución das persoas beneficiarias por provincias e sexo reproduce a das prestacións: maioritariamente son de Pontevedra e A Coruña e mulleres, aínda que o peso das mulleres sobre o total baixa lixeiramente a 6 de cada 10. Por idades, vemos que tamén son as persoas adultas as máis beneficiadas polas prestacións.

## CONSIDERACIÓNS

### **O IMV É POSITIVO, PERO AÍNDA RESULTA INSUFICIENTE PARA DAR COBERTURA AOS 182 952 GALEGOS E GALEGAS QUE ESTÁN EN SITUACIÓN DE POBREZA EXTREMA**

Segundo a Enquisa de condicións de vida do INE en 2022 (que considera os ingresos de 2021), había en Galicia 182 952 persoas en situación de pobreza extrema. Os datos de xaneiro de 2024, tres anos e medio despois da creación do IMV, reflicten que o número de prestacións aboadas é de 25 028 e o de persoas beneficiarias 66 000, cifra que non chega á metade da poboación en situación de pobreza extrema.

Nese mesmo período, no Estado aboáronse 577 447 prestacións que supoñen máis de 1,6 millóns de persoas beneficiarias; é unha cifra importante pero que aínda está lonxe do obxectivo inicial de chegar aos 2,3 millóns de persoas que están en situación de pobreza extrema.

Diferentes análises —como os da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal (Airef) ou Oxfam— sinalan dúas causas principais polas que o IMV non despregou todo o seu potencial:

- Por un lado, o seu propio deseño: os estritos limiares de patrimonio ou de renda con contías iniciais relativamente baixas, o cómputo de ingresos baseado no exercicio fiscal anterior á solicitude ou a exclusión dalgúns colectivos da mocidade e de persoas con patróns residenciais non estándar como consecuencia de focalizar a prestación ao máximo posible nos fogares en peor situación de ingresos.
- Por outro, a falta de información e as dificultades burocráticas e de xestión das solicitudes fan que moitos fogares desistan de iniciar ou completar os trámites da solicitude.

Outro problema engadido é que moitas comunidades autónomas, entre as que se atopa Galicia, non regularon o encaixe das súas rendas mínimas co IMV, o que significa que non se está a utilizar o aforro orzamentario derivado da implantación do IMV para desenvolver complementos adecuados en termos de contías, coberturas ou políticas de protección complementarias.

Se queremos avanzar na erradicación da pobreza e da desigualdade, cómpre estender a cobertura do IMV resolvendo as súas lagoas e, xa en Galicia, reformar a RISGA, que no último ano do que hai datos (2022) deu cobertura a pouco máis de 6200 persoas, sempre sobre a base de contar con orzamentos suficientes para que estas políticas públicas acaden os fins desexados.



## **ANEXO: RECORDANDO A NORMATIVA**

## QUEN PODE BENEFICIARSE DO INGRESO MÍNIMO VITAL (IMV)?

Pódese acceder ao IMV de forma individual ou como parte dunha unidade de convivencia.

As unidades de convivencia fórmanas un conxunto de persoas que residan no mesmo domicilio e estean unidas entre si por vínculo matrimonial, parella de feito ou vínculo de ata o segundo grao de consanguinidade, afinidade ou adopción. Tamén se inclúen persoas coas que se conviva por razóns de garda con fin de adopción ou acollemento familiar permanente. As persoas que compoñen as unidades de convivencia accederán ao IMV a través dun único titular que os represente.

Ademais dos criterios económicos, detallados máis adiante, as persoas beneficiarias do IMV deben cumprir certos requisitos, que varían se se solicita de forma individual ou como representante dunha unidade de convivencia.

- En xeral, poden ser beneficiarias individuais do IMV as persoas de, polo menos, 23 anos que non formen parte dunha unidade de convivencia nin estean unidas por matrimonio ou parella de feito (a menos que estean en proceso de separación ou divorcio). Non se aplican os requisitos de idade ou de inicio de trámites de separación ou divorcio ás mulleres vítimas de violencia de xénero ou trata de persoas e explotación sexual. Ademais, poden ser titulares individuais as persoas de entre 18 e 22 anos que proveñan de centros de protección de menores ou que sexan orfos absolutos, sempre que non formen parte dunha unidade de convivencia. Existen outras condicións máis específicas, como requisitos de residencia legal ou de vivir de forma independente durante un tempo determinado antes da solicitude, que pode consultar no portal do IMV.
- As persoas titulares do IMV que soliciten a prestación en nome dunha unidade de convivencia deben ter, polo menos, 23 anos. Tamén poden facelo as maiores de idade ou menores emancipadas que teñan fillos/fillas ou menores ao seu cargo en réxime de garda con fins de adopción ou acollemento familiar permanente. A solicitude debe ser asinada por todas as integrantes maiores de idade, e a persoa solicitante representará a unidade en todas as xestións relacionadas co IMV. Como no suposto anterior, existen outros requisitos máis concretos que convén consultar antes de realizar a solicitude.

## CAL É A CONTÍA DO IMV NO ANO 2024?

A contía do IMV é a diferenza entre a renda garantida, fixada por lei, e outros ingresos que as beneficiarias poidan ter. Polo tanto, só se pode acceder ao IMV se estes ingresos son inferiores á renda garantida, e a cantidade recibida será a necesaria para que a beneficiaria alcance este limiar económico. No caso das unidades de convivencia, consideraranse os ingresos de todos os seus membros.

A renda garantida establécese como unha cantidade anual dividida en 12 pagas. En 2024 incrementouse un 6,9 %, quedando o seu cálculo da seguinte maneira:

- Para unha persoa beneficiaria individual, a renda garantida é de 7250,52 euros ao ano, ou 604,21 euros ao mes.
- No caso dunha unidade de convivencia, a cantidade anterior increméntase nun 30 % por cada persoa membro adicional, engadindo 2175,16 euros anuais (181,26 euros mensuais) á renda garantida da unidade. Con todo, a partir de cinco a cantidade deixa de aumentar, polo que a renda garantida da unidade de convivencia non pode superar o 220 % dunha renda individual. Por tanto, para unha unidade de cinco ou máis, a renda garantida será de 15 951,24 euros anuais, ou 1329,27 euros mensuais.
- Ademais dos límites establecidos, existen dous complementos que poden aumentar a cantidade. Nos casos de unidade de convivencia monoparental, engádese un 22 % dunha renda garantida individual á cantidade percibida, é dicir, 1596,11 euros anuais (ou 132,93 euros mensuais). Se algunha persoa da unidade ten un grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 65 %, engáde-se outro complemento de igual contía.

#### **QUEN PODE SOLICITAR O COMPLEMENTO MENSUAL DE AXUDA PARA A INFANCIA (CAPI)?**

Poden solicitalo as persoas perceptoras de IMV por cada menor de idade membro da unidade de convivencia, en función da idade cumprida o día 1 de xaneiro do correspondente exercicio. As contías son as seguintes:

- menores de tres anos: 115 euros
- maiores de tres anos e menores de seis anos: 80,50 euros
- maiores de seis anos e menores de 18 anos: 57,50 euros

Tamén poden percibir este complemento as unidades de convivencia cuxos ingresos no exercicio inmediatamente anterior ao da solicitude sexan inferiores ao 300 % da contía garantida polo IMV e cuxo patrimonio neto sexa inferior ao 150 % dos límites establecidos con carácter xeral, sempre que ademais se cumpra o límite de activos non societarios establecido para a unidade de convivencia.

Para a súa tramitación, debe solicitarse o IMV por calquera das canles establecidas, tanto se ten dereito a percibilo conxuntamente con este coma se vai a percibirse de forma independente.

#### **ACTUALÍZASE A CONTÍA DO IMV CO CAMBIO DAS CIRCUNSTANCIAS PERSOAIS?**

Si. O cambio nas circunstancias persoais da persoa titular do IMV ou dalgún membro da unidade de convivencia pode resultar na modificación da contía da prestación. A modificación pode realizarse ao longo do ano e terá efectos a partir do primeiro día do mes seguinte ao do feito que causou a dita modificación.

En todo caso, a contía da prestación actualizarase automaticamente o 1 de xaneiro de cada ano, tomando como referencia os ingresos anuais reais do ano anterior e realizando os axustes correspondentes.

## COMO SE SOLICITA O IMV?

Pódese facer das seguintes maneiras:

- Por internet, con certificado electrónico ou Cl@ve, a través da Sede Electrónica da Seguridade Social.
- Por internet, sen certificado electrónico ou sistema cl@ve, mediante o formulario especialmente habilitado pola Seguridade Social. Teña en conta que se lle pedirá documentación para verificar a súa identidade, incluíndo unha fotografía e unha dirección de correo electrónico.
- De maneira presencial nos Centros de Atención e Información (CAISS) da Seguridade Social.

## MÁIS INFORMACIÓN

Na páxina web da Seguridade Social: <https://imv.seg-social.es/>